

Xogar o Barcelona con Portugal. A utopía ao alcance da man.

Os portugueses.

As primeiras veces que fun visitar a competidores destacados do noso país veciño -xa van anos disto-, sempre lles fixen ver a miña perplexidade polo que eu consideraba unha eiva da súa columbofilia, xa que sendo como son unha potencia columbófila de primeiro nivel non se achegaban máis que de xeito anecdótico ás soltas de gran fondo. A resposta aos meus comentarios sempre era a mesma: as súas mellores pombas ficarían polo camiño se as arriscasen en soltas que se achegan aos 800 quilómetros e para iso, para superar as 12 horas de voo (Zaragoza – Faro sería o paradigma) mellor acudir cas súas pombas xa cargadas de experiencia e de anos. A opinión maioritaria dos columbófilos portugueses é *que “o grande fondo é un cimetério para os pombos”*, e rexeitan sen ambaxes participar nesas probas. O seu hábitat natural é a velocidade e medio fondo e os concursos de fondo dun día, e o seu campionato máis apreciado é o campionato absoluto, para o que precisan fundamentalmente pombas de velocidade e medio fondo. Só unha ínfima porcentaxe de columbófilos portugueses ten obxectivos deportivos dirixidos a soltas de alto quilometraxe, en concreto a súa clásica de “Barcelona”.

Os galegos.

O noso ADN columbófilo, en cambio, vai por outros vieiros. O gran fondo é un eido, para nós, innegociable. Despois de moitos anos de selección intensiva baseada exclusivamente nas pombas que veñen das nosas soltas de máis quilometraxe, propiciouse que as cualidades das nosas voadoras se fosen adaptando á especialización que lles pedimos, os longos e esixentes quilómetros de Girona, Lloret e Cartaxena.

A xente que xa levamos anos nisto non somos alleos ao espírito que iluminaba aos nosos precursores, pensando sempre no máis alá, nos novos retos, en levar as pombas ata o límite da xeografía española. Fronte ao “cimiterio de pombas” dos portugueses, nós alardeamos das 30 pombas que Pepe Villar meteu no reloxo desde Hellín despois de ter encestado 30, do ano en que se cebaron os pombos novos dende a máis longa distancia da que endexamais se tiñan encestado antes, da campaña deportiva de 1980 con 3 probas de fondo (Manzanares, Alcázar e Tarancón) e 3 de gran fondo (Hellín, Cartaxena e Girona), dos concursos realizados dende Altamar ou dende as illas Baleares... Nós, orgullosos da nosa columbofilia e das nosas pombas de gran fondo, insignificantes respecto á columbofilia portuguesa en canto a número de clubs, de afiliados e de pombas, non esquecemos a estela que marcaron os nosos pioneiros, Antonio Lago Fornos, Manolo e Benigno Conde, Pepe Villar, José Luís Cea, Isaac Panete, Antonio Pérez “o Rubio”, Suso R. Costas, Ángel Barreiro, Adolfo Fernández, Pablo Landeira, Francisco Nogueira, os irmáns Manolo e Paco Prado, Antonio G. Hermida, Fernando de la Fuente Estraviz, e outros moitos magníficos columbófilos galegos sempre dispostos a marcarse uns obxectivos na busca dos límites, capaces de prender a ilusión no colectivo para, de seguido, facer brillar nos seus ollos o instinto competitivo e visionario e progresar deportivamente.

A solta de Barcelona

E a solta dende Igualada, o “Barcelona portugués” resulta un magnífico obxectivo deportivo á par dunha magnífica plataforma para nos reivindicar. Para reivindicar as nosas pombas de gran fondo ante nós mesmos e ante o panorama estatal e internacional. E para ilusionarnos como

colectivo. Que si teríamos “chance”? Ben sabemos que son a cesta e o reloxo os que poñen as cousas no seu sitio. De nada serve falar anticipadamente. David contra Goliat.

Asentados nun modelo de calendario satisfactorio, a tentativa de buscar ampliar os horizontes non é de hoxe, non é nova. Neste senso, levamos varios anos tentando argallar dende a nosa Federación algunha competición interterritorial tipo clásica, lamentablemente sen resultado. A solta dende Xibraltar de todo o arco atlántico peninsular foi unha das iniciativas nas que no anterior equipo directivo meteu ilusión, traballo e esforzo, que finalmente resultaron baldíos por non ser capaces de chegar a aglutinar acordo ningún.

Tamén apoiamos e competimos (con éxito) na solta desde Melilla no ano 2010 aberto a todo o colectivo peninsular, pero a experiencia finou sen que se lle chegase a dar continuidade. E non vou analizar agora os porqués do seu aborto pois coido que non é este o lugar nin o momento para facelo.

O deseño dun concurso ibérico para o que estamos emprazados este ano, no que se formulan competicións en velocidade medio-fondo e fondo, francamente, non colma para nada os nosos intereses deportivos históricos baseados no gran fondo, o mesmo que ocorre co novo formato dos Campionatos de España onde priman as velocidades e que tampouco parecen aportar equidade entre as comunidades que xogan a favor ou en contra dos ventos dominantes. Pouco temos que facer tamén por esta vía para reivindicar ás nosas pombas.

E, tamén, xa na tempada pasada, a Federación Columbófila Galega tentou contactar ca Federación Columbófila Portuguesa para procurar unha primeira aproximación informal respecto ao tema da nosa participación como colectivo na súa solta desde Igualada, pero as xestións tamén levaron a ningures. A lexislatura da súa derradeira directiva federativa estaba rematando e non conseguimos resposta aos nosos requirimentos. Este ano, a Asemblea federativa fixo valer unha iniciativa na mesmo sentido presentada por Camilo Pereiro e formulou o mandato de que unha comisión seguira puxando por esta vía. Segundo nos consta, a iniciativa está sendo seguida de preto por columbófilos importantes de comunidades veciñas, ilusionados tamén na proposta e na súa posible futura participación.

A fórmula para o deseño desta carreira sería similar á empregada no Melilla Internacional, ao abeiro do acordo entre a RFCE e a FCP, co formato dunha clásica, ca vantaxe de que a solta dende Igualada xa está en funcionamento dende hai anos e non habería máis que entrar no seu engrenaxe. A participación dos columbófilos galegos, ao igual que ocorre ca dos portugueses, sería optativa e non contaría para os distintos concursos federativos programados. A normativa sería a que rexe actualmente para o evento e está editada na páxina web da Federación Portuguesa. Os clubs serían garantes do enceste e a FCG realizaría un re-anelamento con aneis de caucho numerados e organizaría o traslado e custodia das pombas xunto ca FCP. Respecto a outros temas (data, lugar de solta, raións...) quedaríamos a expensas das propostas dos nosos veciños. Xa nos gustaría a nós poder meterlle máis quilómetros... pero é o que temos.

É probable que nun principio a resposta social ante a iniciativa poda resultar “morna”, pero seguro que os resultados van exercer un importante efecto chamada no colectivo tal e como sucedeu ca finada solta de Melilla, cuxas altas expectativas para o 2011 no noso entorno foron totalmente defraudadas.

Ánimo e éxito na xestión.

Xosé Pereiro Francés.

Cangas, 1 de Marzo do 2015.